BREVE NOTICIA HISTÓRICA DAS IRMÁS MELLA SERRANO

* ALIANZA * ESPERANZA *
*URANIA * [ALBA
* FLORA]
* LUZ *
*ALICIA *

LOS MANIFESTANTES APLAUDEN A LOS FAMILIARES DEL SEÑOR MELLA

Los familiares del señor Mella fueron saludados afectuosamente por sus numerosas amistades, el día de la Fiesta del Trabajo.

Al pasar la grandiosa manifestación socialista por la avenida de García Barbón, frente a la casa donde vivió Ricardo Mella y que habitan actualmente sus hijas, las cuales estaban asomadas al balcón, se oyeron muchos aplausos y vivas en obsequio suyo y del fervoroso demócrata, tan querido de los obreros vigueses.

> Ha fallecido en Madrid la señora Catalina Rivero y Baldemoro, viuda de Serrano Oteiza, a la avanzada edad de setenta y cinco años. La respetable dama se distinguió por la práctica constante de las virtudes que la enaltecían, pues era caritativa en extremo, vivía entregada a dirigir su hogar y la educación de sus nietos, y poseía una inteligencia y una cultura poco comunes. El entierro será civil por expresa voluntad de la finada (…) [*El País*, Madrid, 08/03/1912].

Dolores Cea Fernández [Vigo, 1842-1909] e Catalina Rivero Baldemoro [Madrid, 1837-1912] son as avoas dunha extensa e xenerosa estirpe da que pouco se sabe. No entanto, nesta exposición só poderemos ocuparnos dunha parte da proxenie. Quedaran fóra desta presentación os irmáns Mella Serrano e as familias de Juana Mella Cea [Vigo, 1863-1918] e Fanny Mella Cea [Vigo, 1879-1952], as irmás de Ricardo Mella Cea [Vigo, 1861-1925], o pai das protagonistas desta historia.

O 'accidental encontro' en Madrid de Ricardo Mella con Esperanza Serrano Rivero [Madrid, 1866-Vigo, 1944], profesora superior e institutriz, trouxo consigo doce personalidades de brillo propio: sete mulleres [Alianza, Esperanza, Urania, Alba, Flora, Luz e Alicia] e cinco homes [Ricardo, Alberto, Raúl, Mario e Jorge] que seguiron nas súas traxectorias vitais as máximas de igualdade, fraternidade e liberdade en que se cultivaran. De tal sorte que a labor pedagóxica, social e cultural pola que destacou a parella Mella Serrano florecería esplendidamente na súa estirpe e determinaría o seu carácter xeneroso e progresista. Ao observarmos o nacemento e morte destas mulleres, vemos que todas elas, agás Urania, acabaron os seus días en Vigo. Porén, os seus nacementos estendéronse ao longo da Península Ibérica durante os vinte e cinco anos en que o seu pai e a súa nai viviron itinerantes: Alianza nace en Priego de Córdoba, Esperanza en Vigo (rúa do Príncipe nº11), Urania en Pontevedra e, en Asturias, nacen Alba e Flora en Sariego, e Luz e Alicia en San Martín del Rey Aurelio. Agora ben, destas sete, Flora e Alba morrerían moi novas: Flora con sete anos e Alba con dezasete.

Das que viviron máis alá dos anos mozos, a máis recordada será Urania por ser o seu caso, o máis atroz dos que tiveron que soportar as irmás Mella tralo levantamento de xullo de 1936, pero non sería o único. Secasí, o tormento provocado pola Guerra Civil non é o que máis interesa nesta noticia histórica, o noso desexo é amosar o labor social e cultural que esta vangarda de mulleres desenvolveron na cidade de Vigo e *máis alá*.

Alianza Mella Serrano [Priego de Córdoba, 24/06/1892 – Vigo, 29/05/1977]
Sombreireira, profesora auxiliar na Escola de Artes e Oficios de Vigo e libreira

A primeira nova que localizamos en prensa de Alianza data de 1913 e fai referencia a súa colaboración como socia do «Recreo Liceo» nunha 'Batalla de Flores' a favor das 'colonias escolares' de Vigo [*Noticiero de Vigo*, Vigo, 21/06/1913]. Un par de anos despois, cando contaba con vinte e tres anos, comeza a súa docencia na Escola de Artes e Oficios de Vigo:

> En el curso 1915 desempeñó gratuítamente la auxiliaria de la "Encajes de Camariñas" a causa de enfermedad de la profesora de la misma, continuando después a cargo de dicha asignatura hasta que, en 1916 siendo sus servicios necesarios, por el gran número de alumnas que asitían a dicha clase, el Sr. Director (...) la nombró auxiliar efectiva (...). A pesar de este nombramiento no se le asignó sueldo hasta 1923 [Expediente personal: Alianza Mella Serrano, Arquivo Biblioteca EMAO, Vigo].

Alianza entrara na escola como alumna en 1908, ano en que a súa familia regresou definitivamente a Vigo. Nese primeiro ano matriculase en 'teneduría de libros', francés e corte e confección, aínda que desta última non se avalía. En anos sucesivos segue aprendendo estas materias, ás que engadirá confección de sombreiros e mecanografía. En 1915 estuda por primeira vez encaixe de Camariñas, mais non é avaliada e pasa a ser docente. En 1923 a instauración da ditadura de Primo de Rivera provoca unha serie de reformas na Escola que fan que sen a súa aquiescencia sexa nomeada en 1924 profesora auxiliar de Aritmética e Álxebra, materia que cursan no seu grupo máis de cen alumnos, segundo indica o seu expediente. No transcurso destes anos, a prensa recolle novas que fan referencia a súa presenza en distintos actos oficiais da Escola como inauguracións do curso ou outros eventos como o recibimento en Vigo das alumnas da Escola Normal de Mestras de Pontevedra [*El Progreso*, Pontevedra, 17/05/1916]. Porén, en 1936, Alianza pasa a ser considerada "de mediana conducta e antecedentes" e en xaneiro de 1937 será oficialmente destituída da Escola de Artes e Oficios por ser "simpatizante del Frente Popular y de ideas comunistas" y estar "situada en una posición adversa al movimiento nacional". A partir de 1937 perdemos a pista de Alianza e só sabemos por referencias familiares que parte para Venezuela, onde abre canda a súa irmá Esperanza a 'Librería Mella'. Agora ben, antes da Guerra, contra finais da década de 1920, e ao tempo que Alianza exerce de profesora tamén vai ser sombreireira e unha das responsables da sombrerería «Mella-Baena» de Vigo:

> MELLA-BAENA. SOMBREROS DE SEÑORA. La casa que presenta la colección más completa de modelos de las mejores firmas. García Barbón, 10. En esta casa adquirió MISS ESPAÑA todos los sombreros que ha llevado a Madrid y los que lucirá durante la Semana Portuguesa. [*El Pueblo Gallego*, Vigo, 26/03/1933].

A sociedade Mella-Baena estaba formada polas irmás Alianza e Esperanza Mella e mais por Carlota e Maruja Baena Fernández [tías de Humberto Baena, unha das últimas persoas fusiladas polo franquismo]. Pola súa banda, a Miss España que mercaba os sombreiros nesta casa non era outra que a viguesa Emilia Docet Ríos. Agora ben, posto que a relación Mella-Docet da para unha exposición de seu, que teña interese nesta historia pode 'preguntarlle' a Google por "Miss Docet e o Vértice" e atopará unha *Epifanía Libertaria* coa que saciar a súa curiosidade. Nos só engadiremos que a Casa Mella-Baena nacería contra finais da década de 1920 e inicialmente estaría sita no propio domicilio familiar das Mella na avda. García Barbón nº 10, e, posteriormente, converteríase na Mercería Mella-Baena e pasaría á unhas galerías de tendas hoxe desaparecidas da rúa do Príncipe (rúa Galán na época).

Alianza e Esperanza volverían de Venezuela contra finais da ditadura e en Vigo acabarían os seus días solteiras, inseparables e sen descendencia.

Esperanza Mella Serrano. [Vigo, 29/09/1895-15/11/1976] 'Pasita'

Sombreireira e libreira

Esperanza estuda na Escola de Artes e Oficios de Vigo entre 1909 e 1917 e cursa materias como corte e confección, confección de sombreiros ou encaixe de Camariñas. Logo, máis alá desta información que brinda o seu expediente, todo o que sabemos de Esperanza é grazas ao que a familia Mella conta dela, posto que até o de agora non logramos atopar na prensa ningunha noticia que faga referencia explícita a Esperanza. Así, Esperanza sería outra das responsables do negocio «Mella-Baena» e mais da Librería Mella en Venezuela.

Urania Mella Serrano [Pontevedra, 15/11/1899- Lugo, 26/05/1945]

Pianista, profesora e activista

Urania ao igual que as súas irmás estudou na Escola de Artes e Oficios de Vigo: o seu expediente amosa que asistiu a aulas entre os anos 1909 e 1921 e que alcanzou moi boas notas en todos os cursos. En 1918, o *Faro de Vigo*, brinda unha das poucas noticias que localizamos dela baixo o título "Alumnos aprovechados", onde informa de que Urania acaba de examinarse en Santiago "de tercer año de solfeo y octavo de piano y la revalida que le valió la felicitación del Tribunal que le concedió por unanimidad la nota suprema del título" [*Faro de Vigo*, Vigo, 21/06/1918]. En decembro de 1923 casa con Humberto Solleiro Riveiro e en poucos anos da a luz dous fillos e dúas fillas: Humberto (1924), Raúl (1928), Alicia (1930) e Conchita (1931).

Urania, ademais de ser mestra de solfexo e piano, pertenceu á 'Socorro Rojo Internacional' e mais á 'Asociación de Mujeres contra la Guerra y el Fascismo', agrupación responsable [entre moitas outras actividades] da primeira celebración do 8 de marzo (Día da Muller Traballadora) en Vigo no ano 1936. Asemade, ao igual que fixeran o seu pai e a súa nai noutros espazos, axudou gratuitamente á alfabetización de mulleres na 'Casa del Pueblo' de Vigo. Estes serían *grosso modo* os 'grandes pecados' que van facer que co estoupido da Guerra Civil Urania sexa apresada canda ao seu marido. Humberto será fusilado en outubro de 1936, pero a sentenza de morte de Urania será conmutada por cadea perpetua. Trala farsa do xuízo militar, Urania é recluída no cárcere de mulleres de Saturrarán (País Vasco), onde permanecerá presa ate 1943. Un vez liberada, Urania regresa temporalmente a Vigo pero, ao non soportar o 'clima político-social' da cidade, decide canda María Gómez (a que fora alcaldesa da Cañiza) e mais a familia desta ir vivir a Lugo, posto que ambas compartiran condena no penal de Santurrarán. O 26 de maio de 1945, Raúl Solleiro Mella, o único fillo de Urania que viviu con ela tras saír do cárcere, atopará a súa nai morta na casa cando ía buscala para ir ao cine. O drama e mais a trauma que padeceu a descendencia de Urania foi alén da Guerra Civil e da ditadura: a custodia das súas fillas e fillos queda en mans da familia Solleiro, adepta ao réxime, polo que a súa descendencia crecería escoitando: "Tu madre no os quiere", "por culpa de tu madre mataron a tu padre". Posto que os fillos eran máis maiores que as nenas e tiñan unha mellor idea da verdade, non creron esa versión, pero durante un tempo as súas fillas si. Así, cando Urania sae do cárcere en 1943, as súas fillas renegan dela: "Yo no te conozco, tu no eres mi madre" disque lle di Conchita. Urania morrería en 1945 e Conchita non lograría xamais eliminar o seu sentimento de culpa, Alicia asimilouno un pouco mellor. A Alicia e a Conchita é posible escoitalas no documental *Prohibido Recordar* (2010), os recordos do seu fillo Raúl Solleiro poden lerse no seu *El mounstro de la Guerra Civil* (Pasión por los libros, 2017) e a 'Causa 868/1936' está a libre disposición en *Epifanías Libertarias*. Até o de agora estas son as mellores fontes para coñecer algo máis desta loitadora galega.

Así e todo, e por fortuna, con Urania cumpriuse o dito 'quisieron enterrarnos pero no sabían que éramos semilla': o seu xermolo floreceu na banda galega *Dakidarría* (ska-punk rock combativo), no colectivo Salvemos Monteferro e mais nas redes A Ría Non Se Vende e Galiza Non Se Vende, iniciativas, todas elas, impulsadas pola descendencia de Conchita Solleiro Mella.

«A MI MADRE», por Alicia Solleiro Mella

Fuiste una mujer buena
Culta y generosa
Te educaron en la libertad

Y en la tolerancia
Te adelantaste a tu tiempo
Y junto con tu marido
Quisisteis cambiar la sociedad
En la guerra civil
Mataron a tu compañero
Y tus enemigos
Te encerraron nueve años
Con mucho sufrimiento y padecer
Tuviste cuatro hijos,
ME HABLARON MAL DE TI
Y no te quise como merecías.

El descubrimiento de tu vida

Hizo cambiar la mía
Al salir de la barbarie carcelaria
Dejaste de existir.
Sólo después te quise madre mía
Pero no te lo pude decir.
Tu eres mi luz y mi camino
Y te aseguro madre
Que acabaré aquello
Que tú no pudiste hacer

Alba [Sariego, 23/12/1901-Vigo-19/10/1918] e Flora Mella Serrano [Sariego, 1903 -Vigo, 7/11/1910]

Estudantes

Actualmente non se coñecen fotos de estas dúas irmás que morreron prematuramente: Flora con sete anos e Alba con dezasete. A única noticia que temos de Flora é esta "se ha exhumado el primer cadáver en el nuevo Cementerio Civil de Vigo. El enterramiento verificado fue el de una niña, hija de D. Ricardo Mella". [*El Eco de Galicia*, Buenos Aires, 20/12/1910]. De Alba coñecemos o seu excelente expediente na Escola de Artes e Oficios, onde cursa varias materias como solfexo, piano, debuxo artístico ou encaixe de Camariñas entre 1914 e 1918. A particularidade de Alba é que tira sobresaliente en absolutamente todas as materias que cursa nesta Escola e tamén fóra desta, xa que na mesma nova de "Alumnos aventajados" do *Faro de Vigo* onde falaban de Urania, sinalan: "Se ha examinado en Santiago del primero y segundo año de violín, la Srta. Alba Mella Serrano, habiendo obtenido notas de sobresaliente".

Luz Mella Serrano [San Martín del Rey Aurelio, 29/04/1905 - Vigo, 30/09/1992]

Estudante da Escola Normal de Mestras de Pontevedra

Luz estuda na Escola de Artes e Oficios de Vigo entre 1917 e 1921, pero menos materias que as súas irmás e durante menos anos. En prensa a única noticia que achamos publícaa o xornal *Galicia*: "Aprobaron con brillantes calificaciones en la Normal de Maestras, las asignaturas de que se examinaron las señoritas Luz Mella, Joaquina Vidal, Fanny Teijeiro, Maruja Seoane y María Teresa Martínez. Nuestra sincera enhorabuena a tan aprovechadas señoritas y a los profesores de la 'Academia Alfonso III', en dónde hicieron su preparación". [*Galicia*, Vigo, 28/09/1922]. Fontes familiares informan de que pasou un tempo en Madrid, chegou a casar cun actor chamado Pepe e que, ao final da súa vida, antes de instalarse na residencia do Meixoeiro, traballou axudando na gardería da asociada a parroquia de Freixeiro en Vigo. Non tivo descendencia e a súa traxectoria aínda está por estudar.

Alicia Mella Serrano [San Martín del Rey Aurelio, 11/11/1906- Vigo, 05/10/1986]
Perita mercantil, secretaria persoal de Eugenio Fadrique e encargada da 'Casa Cuna' de 'La Artística'

Ao contrario do que sucede coas súas irmás, Alicia só cursou e se avaliou de 'debuxo artístico' na Escola de Artes e Oficios de Vigo, posto que ela estuda canda o seu irmán Mario na Escola de Comercio a carreira de Perito Mercantil, que e ambos acaban con méritos en 1926. De feito, Alicia Mella e Pilar Mosquera serán as únicas mulleres da súa promoción. Poucos meses despois de terminar a carreira, a prensa da conta da presenza de Alicia na celebración da proclamación da *Commune* de París nun acto do Consulado de Francia en Vigo, onde din "pero lo que más gustó a los concurrentes fue un hermoso coro en francés por las alumnas, entre las cuales destacaba su maravillosa voz, la señorita Alicia Mella". [*Faro de Vigo*, Vigo, 16/07/1926].

Até o de agora descoñecemos o ano en que Alicia entra a traballar en 'La Artística', pero grazas ao fondo documental e mais ás declaracións de Mari Luz e Jorge Forneiro Mella, os seus fillos, sabemos que antes da Guerra Civil Alicia xa traballaba en ¨La Artística'. A historia acostuma a recordar a Eugenio Fadrique como "empresario de éxito y hombre bueno", pero nunca se acordan de recuperar quen eran as mulleres que traballaban naquela gardería infantil...

> Eugenio Fadrique no sólo fue un industrial avanzado en su tiempo, promotor de innovaciones técnicas, sino que también resultó precursor en otros aspectos: puesto que el 70% de la mano de obra en sus talleres era femenina, decidió crear la primera guardería infantil empresarial. Por La Artística pasaron generaciones de mujeres de los barrios de Coia y Bouzas, en un trabajo que se transmitía de madres a hijas, así que que niñas que utilizaron aquella guardería se convirtieron después en operarias. [*Faro de Vigo*, Vigo, 09/06/2013].

Até aquí a nosa breve noticia histórica. A traxectoria vital destas mulleres está aínda por estudar: isto é tan só un ínfimo achegamento ao traballo que elas realizaron. Na nosas mans está darlle voz, tiralas do esquecemento e aprender delas e mais da súa familia. Xa non podemos ser cómplices da súa omisión: as súas vidas contan para a historia da nosa cidade e alén dela.

Sor Presa

'Acción Libertaria' 2018

Estirpe Mella Serrano: Ricardo, Sevilla, 21/11/1889; Alianza de San Juan Bautista, Priego de Córdoba (R/ Fuente del Rey) 24/05/1892; Alberto Federico, Málaga, 19/02/1894; Esperanza, Vigo (R/ Príncipe nº 11), 29/09/1895; Raúl, Vigo (R/ Progreso nº 13) 04/02/1897; Urania, Pontevedra 15/11/1899; Alba, Sariego 23/12/1901; Flora, Sariego ??/??/1903; Luz, San Martín del Rey Aurelio (Alameda) 29/04/1905; Alicia, San Martín del Rey Aurelio, 11/11/1906; Mario, Vigo (Avda/ García Barbón, 37), 01/04/1910; Jorge, Vigo (Avda/ García Barbón, 41), 02/06/1913.

«O nó d'as cinco rúas»

N-o nó das cinco rúas
náufragos nomes de xornaes
pulean a velocidade d'a
cidade.

N-a rua ceibe
a mañán sin sombreiro
calma de sol
fuxe decote.

Un piso derradeiro debruzado
n-a misantropía
d'o seu balcón encadeado
fai dar pensas voltas auditivas ó
disco da intensidade
d'os tranvías.

O cotelo dos automoves
remexen os chapeus
de direicións sin senso.
N-o nó das cinco rúas
disfrazo-me d'eixopolar
O traxe d'as modistas novas
leva unha post-data seisual.

N-o no das cinco rúas
a noite apagou-se de seu
Os berros náufragos dos xornaes
meteron-se no seu ningures.

Vel-ahí veño Eu:
-Boas noites
-Boas noites
-Deica mañán
-Deica mañán

N-o no d'as cinco ruas
estreito os cinco cotelos

eleitrocutados

d'a sua man.

[*Foulas,* Manoel Antonio, maio de 1924]